

## PROCESO DE ADMISIÓN 2018 - 2019

### INFORMACIÓN VARIA MOI IMPORTANTE

#### 1.- Sobre a renda per cápita da unidade familiar:

1.1. A devandita información será a que corresponda ao **exercicio fiscal anterior** en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude (**2017**)

1.2. As persoas interesadas en que sexa valorada a **renda per cápita da unidade familiar**, deberán facer constar a **cantidade correspondente á base imponible no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma dos recadros 415 (base imponible xeral) e 435 (base imponible do aforro) da declaración da renda do ano 2017**. Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro de 2019.

1.3. O indicador público de renda de efectos múltiples (**IPREM**) do ano 2017 é **6454,03€.**, con exclusión das pagas extras.

#### 2.- Sobre a **presentación das solicitudes** (Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15) Art. 13.2.d):

2.1. Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar. A súa infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2.2. O alumnado con garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

2.3. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión (1 de marzo)

2.4 A solicitude poderá asinala calquera dos titulares da patria potestade, cando se refiren a fillos/as comúns dun matrimonio non separado nin divorciado ou dunha parella de feito inscrita no Rexistro de Parellas de feito de Galicia. **No resto dos casos requírese a sinatura dos dous proxenitores** (agás patria potestade exclusiva ou violencia de xénero)

#### 3.- Sobre o **criterio establecido polo centro para a baremación de admisión**

De acordo co establecido nos artigos 19.i), 22 e 28 da Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15), o criterio establecido polo consello Escolar do Colexio é:

Outorgar 1 punto: **“Por proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo dalgún dos pais ou titores legais, é dicir, se o domicilio familiar está na área de influencia do centro ou se o lugar de traballo dos pais ou titores legais está na área de influencia do centro.**

Asemade, en cumprimento do previsto no propio artigo 9.3.i) do Decreto 254/2012, que ordena non só establecer o criterio senón tamén a forma de acreditación dos criterios, consonte o artigo 9.4, aplicarase o preceptuado no artigo 22 (“Acreditación e valoración do criterio de proximidade do centro educativo ao domicilio familiar ou lugar de traballo dos proxenitores ou titores”) da Orde que o desenvolve no que corresponda, agás na escala, onde á puntuación que se indica se lle engadirá o punto decidido polo colexio.”